

# A INAUGURACIÓN

## Un evento nun eterno presente

INTERVENCIÓN ARTÍSTICA NAS TORRES HEJDUK  
DE JOEL BLANCO

**31 Ago 2023—7 Xan 2024**

De luns a domingo | De 10 a 20 h  
cidadedacultura.gal

Proxecto gañador da X Convocatoria  
de Intervencións Artísticas do #EAN12

GAIÁS  
CIDADE DA  
CULTURA



# A

# INAUGURACIÓN

## Un evento nun eterno presente

Intervención artística de Joel Blanco

**31 ago 2023 — 7 xan 2024**  
Torres Hejduk

Proxecto gañador da X Convocatoria de  
Intervencións Artísticas do #EAN12



---

# A INAUGURACIÓN

## Un evento nun eterno presente

INTERVENCIÓN ARTÍSTICA NAS TORRES  
HEJDUK DE JOEL BLANCO

**31 Ago 2023—7 Xan 2024**

De luns a domingo | De 10 a 20 h  
cidadedacultura.gal

Proxecto gañador da X Convocatoria  
de Intervencións Artísticas do #EAN12

---

GAL

Concibida como unha reflexión sobre a inmovilidade temporal do capitalismo contemporáneo, *A inauguración* explora a noción de presente perpetuo: un ciclo interminable onde o pasado se resiste a esvaecerse e o futuro semella esquivo. Esta intervención artística convida a cuestionar a nosa cultura consumista e as conexións subxacentes entre mercado, capitalismo e materia prima.

A inauguración non é só un evento, é un estado de ánimo, unha metáfora performativa do estancamento. A música nunca cesa, os petiscos póñense resesos e o tempo parálizase. O escenario é sempre familiar: as persoas visitantes chegan, perciben unha festa xa en marcha e senten que chegaron tarde, pero a realidade é que *A inauguración* nunca remata de inaugurarse.

Esta acción, que é en si unha peza artística, escenifícase como unha celebración onde quen asiste é parte integral dela. Os restos do acto social, a disposición dos obxectos e a memoria colectiva dotan ao espazo de vida. A modo de experiencia inmersiva, o público mergúllase nunha obra en curso —nunha velada en aparente abandono— onde as pezas de **Los Bravú, Lúa Gándara,**

**Francisco Ramallo, Miguel Scheroff e Francesc Rosselló** evidencian a idea de temporalidade suspendida.

A intervención artística arrancou ademais cunha performance de **Sara Gema Domínguez Castillo e Eléonore Ozanne**, exercendo como anfitriñas, mentres que El Andrés elaborou unha atmosfera musical que continúa a soar, en forma de bucle infinito, durante os cinco meses de vida de *A inauguración*.

Como sinalou Fredric Jameson, o pastiche e a apropiación —que son propios da estética posmoderna— fixeron que o pensamento contemporáneo se atope nun ciclo constante de repetición e reciclaxe auto-referencial. Do mesmo xeito que a cultura actual se alimenta constantemente de si mesma, *A inauguración* ignora o que xace no exterior e pospón o seu inevitable desenlace.

Benvidos. Benvidas.

### Joel Blanco

Nado na Coruña en 1991, Joel Blanco é un estudante de filosofía e deseñador que se define a si mesmo como "miembro inactivo da xeración Pokémon e experto en comida lixo". A cultura popular ten unha fonda pegada no seu traballo, que abrangue desde as artes plásticas ata o deseño e a investigación. A crítica e a filosofía son ferramentas esenciais no seu proceso creativo.

Tras graduarse na Design Academy de Eindhoven en 2017, Joel acumulou múltiples recoñecementos, entre eles o Neo2 Designers Awards 2020 e o destacado Best of España —34 talentos do deseño e da arte de AD 2022—. Como deseñador de produto e investigador de tendencias, especializado en estratexia, deseño especulativo e deseño-ficción, foi recoñecido pola revista Forbes como un dos 40 futuristas máis destacados de España en 2022.

---

# LA INAUGURACIÓN

## Un evento en eterno presente

INTERVENCIÓN ARTÍSTICA EN LAS TORRES  
HEJDUK DE JOEL BLANCO

**31 Ago 2023—7 Ene2024**

De lunes a domingo | De 10 a 20 h  
cidadedacultura.gal

Proyecto ganador de la X Convocatoria  
de Intervención Artísticas del #EAN12

---

ESP

Nacida como una reflexión sobre la inmovilidad temporal del capitalismo contemporáneo, *La inauguración* explora la noción de presente perpetuo: un ciclo interminable donde el pasado se resiste a desvanecerse y el futuro parece esquivo. Esta intervención artística invita a cuestionar nuestra cultura consumista y las conexiones subyacentes entre mercado, capitalismo y materia prima.

La inauguración no es solo un evento, es un estado de ánimo, una metáfora performativa del estancamiento. La música nunca cesa, los canapés endurecen y el tiempo se paraliza. El escenario es siempre familiar: las personas visitantes llegan, perciben una fiesta ya en marcha y sienten que llegaron tarde, pero la realidad es que *La inauguración* nunca termina de inaugurarse.

Esta acción, que es en sí una pieza artística, se escenifica como una celebración donde los asistentes son parte integral de la misma. Los restos del acto social, la disposición de los objetos y la memoria colectiva dotan al espacio de vida. A modo de experiencia inmersiva, el público se sumerge en una obra en curso —en una velada en aparente abandono— donde las piezas de **Los Bravú, Lúa Gándara, Francisco Ramallo, Miguel**

**Scheroff y Francesc Rosselló** evidencian la idea de temporalidad suspendida.

La intervención artística arrancó además con una performance conducida por **Sara Gema Domínguez Castillo y Eléonore Ozanne**, ejerciendo como anfitrionas, mientras que El Andrés elabora una atmósfera musical que continúa sonando, en forma de bucle infinito, durante los cinco meses de vida de *La inauguración*.

Como señaló Fredric Jameson, el pastiche y la apropiación —que son propios de la estética posmoderna— han hecho que el pensamiento contemporáneo se encuentre en un ciclo constante de repetición y reciclaje auto-referencial. De igual modo que la cultura actual se alimenta constantemente de sí misma, *La inauguración* ignora lo que yace en el exterior y pospone su inevitable desenlace.

Bienvenidos. Bienvenidas.

### Joel Blanco

Nacido en A Coruña en 1991, Joel Blanco es un estudiante de filosofía y diseñador que se autodenomina como "miembro inactivo de la generación Pokémon y experto en comida basura". La cultura popular tiene una profunda huella en su trabajo, que abarca desde las artes plásticas hasta el diseño y la investigación. La crítica y la filosofía son herramientas esenciales en su proceso creativo.

Tras graduarse en la Design Academy de Eindhoven en 2017, Joel ha acumulado múltiples reconocimientos, entre ellos el Neo2 Designers Awards 2020 y el destacado Best of España -34 talentos del diseño y del arte de AD 2022-. Como diseñador de producto e investigador de tendencias, especializado en estrategia, diseño especulativo y diseño-ficción, fue reconocido por la revista Forbes como uno de los 40 futuristas más destacados de España en 2022.